



POR DIGNIDADE, IMPIDAMOS A PRÓRROGA A ENCE

Convocada pola “**Asociación Pola Defensa da Ría**” de Pontevedra (APDR), o vindeiro **MARTES día 11 de novembro** a partires das 20:30 horas, vai ter lugar unha **CHARLA-COLOQUIO** no **TEATRO PRINCIPAL** de Pontevedra baixo o título **POR DIGNIDADE, IMPIDAMOS A PRÓRROGA A ENCE**, un acto aberto á participación da cidadanía e no que se vai explicar o Regulamento da nova Lei de Costas.

Serán poñentes neste acto, **ALBA NOGUEIRA**, Profesora de Dereito administrativo e experta na temática medio ambiental, e **VICENTE GARCÍA LEGÍSIMA**, avogado da APDR e concelleiro no Concello de Pontevedra, que abordarán a situación actual da loita contra a permanencia de ENCE no seu actual emprazamento na Ría e as posibilidades que aínda existen de frear a súa pretendida prórroga máis alá do 2018.

Ao tempo, vaise presentar o novo exemplar da revista RÍA ABERTA, enfocada nesta ocasión cara á denuncia da trama familiar existente entre as direccións de ENCE e ELNOSA e a Xunta de Galicia, unha trama que está a impedir a apertura de expedientes sancionadores ás empresas de Lourizán e que permitiu a concesión das correspondentes Autorizacións Ambientais Integradas (AAI) en condicións absolutamente irregulares e mesmo ilegais.

Para a APDR este acto ten un notábel interese dada a millonaria campaña propagandística que está a desenvolver ENCE para –unha volta máis- tratar de facer crer á poboación que xa non contaminan e que son o motor económico da comarca, unha campaña que, coma sempre, baséase na mentira e as falsas promesas. Porque ENCE segue a destruír o noso medio ambiente, a economía da comarca e a calidade de vida da poboación, segue incumprindo a lexislación en materia de vertidos á Ría e segue realizando prácticas ilegais como a dilución dos seus vertidos para agachar a súa verdadeira composición.

Desde a APDR facemos un chamamento a todas as persoas da comarca para que asistan ao acto e participen activamente no mesmo aportando as súas ideas para poder impedir a prórroga á CELULOSA, unha prórroga que hai que evitar non só polos motivos expostos senón tamén na defensa da dignidade coma pobo; Pontevedra e a comarca non poden permitir por máis tempo que unha empresa como ENCE sega a impedir o desenvolvemento racional dunha comarca que ten na explotación racional dos seus recursos a maior das súas riquezas e do seu futuro. Por dignidade, polo futuro da comarca, participa e loita contra a corrupción ambiental en Pontevedra.